

O 26 deste mes remata o prazo de licitación para o auditorio de Bastiagueiro

Plan Municipal de Vivenda: Pasado, presente e futuro da promoción pública

As recentes **adxudicacións en Mesón da Auga** e as **novas construcións en Canide (Maianca), Fonte da Barreira (Perillo) e o Seixal (Nós)** son o reflexo do permanente esforzo e compromiso do goberno por dotar o municipio de máis e mellores edificacións baixo o réxime de protección oficial.

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

Aprobado o **Plan Especial de Bastiagueiro**. Primeiro paso para o futuro auditorio que contará cunha escola de danza e un palacio de congresos.

Páxina 15

Vivir en Oleiros

Número 21
Decembro 2005
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Ampliamos a oferta educativa para os nosos cativos



“A CANTEIRA”, a nova escola infantil de Oleiros

■ E xa son 270 os nenos menores de tres anos que comezaron un novo curso escolar. Este dato sitúa a Oleiros na cabeceira da provincia de A Coruña segundo o ratio alumno/habitante. O novo centro, con capacidade para cen cativos, permenece aberto durante máis de doce horas diarias para ofrecer un servizo adecuado á incesante demanda daqueles veciños que precisan conciliar traballo e familia. Un edificio amplo e moderno dotado coas mellores infraestruturas, novos servizos e un equipo humano adaptado ás necesidades dos nosos fillos. Espacios cubertos reservados para a aprendizaxe, o xogo e o descanso dan paso a zonas ó aire libre para facilitar o esparcemento dos cativos.

Ordenanza Municipal e colaboración cidadán: **dúas armas definitivas para acabar co vandalismo urbano.**

Páxinas 10 e 11

Escolaguap@, Cabaré e deporte serán os pratos fortes dun inverno cuberto de novidades.

Páxinas 17, 20 e 21

Xoveoleiros e Ocioleiros: todo listo para as novas edicións

Só faltas ti. Dende o 15 deste mes ata o 15 de xaneiro están abertas as inscricións. Se tes entre 14 e 60 anos podes participar nas diferentes actividades para encher a túa vida de música, baile, arte, deporte, coñecemento e un longo etcétera que rematará cunha viaxe como premio. **Infórmate e gaña!!!**

Páxina 16

Como saber
ónde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades	
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao,5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 222
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Casa Charry	981 631 444
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Casa de República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618

Centros educativos	
C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Inf. Vilanova / Nos	981 651 417
E. Inf. O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
E. Inf. O Castaño / Perillo	981 639 160
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. Río da Loba / Oleiros	981 611 544
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I. María Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas	
Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	14 xan. / 13 feb. / 14 marzo / 13 abril
Mingua	22 xan. / 21 feb. / 22 marzo / 21 abril
Nova	29 xan. / 28 feb. / 29 marzo / 27 abril
Medra	6 xan. / 5 feb. / 6 marzo / 5 abril

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristobo **981 153 338**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45 ■ 6,55 ■ 7,10 ■ 7,25 ■ 7,35 ■ 7,45 a 21 cada 15' ■ 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10 ■ 7,40 ■ 8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10 ■ 7,40 ■ 8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05 ■ 14,05. Volta 8,30 ■ 14,30 Dom+fest Ida 10,05 ■ 14,05. Volta 10,30 ■ 14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05 ■ 19,05. Volta 16,35 ■ 19,35 Dom+fest Ida 16,05 ■ 19,05. Volta 16,35 ■ 19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55 ■ 10,55 ■ 13,05 ■ 14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25 ■ 8,25 a 20,55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50 ■ 7,10 ■ 13,05 ■ de 7,40 a 20,40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora ■ De 7,30 a 19,30 cada hora ■ 20,50 ■ 22,30 Sábados Ida 8,50 ■ 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 ■ a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21,10. Volta de Oleiros 11,30 ■ 21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45 ■ 13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora



Xa somos 31.563 veciños/las censados/las!

Até o 30 de novembro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.363
DORNEDA (San Martiño)	3.530
IÑÁS (San Xurxo)	1.229
LIÁNS (Santa Eulalia)	8.904
MAIANCA (San Cosme)	962
NÓS (San Pedro)	4.061
OLEIROS (Santa María)	2.623
PERILLO (Santa Leocadia)	7.402
SERANTES (San Xulián)	1.489
TOTAL	31.563

Farmacias de garda

■ M ^o FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 63 50 24	Do 30 de decembro ó 5 de xaneiro Do 17 ó 23 de febreiro
■ M ^o ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 66 38 90	Do 6 ó 12 de xaneiro Do 24 de febreiro ó 4 de marzo Do 24 de marzo ó 2 de abril
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 61 45 03	Do 13 ó 19 de xaneiro Do 3 ó 9 de marzo
■ M ^o TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 64 84 40	Do 20 ó 26 de xaneiro 10 ó 16 de marzo
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 61 41 84	Do 27 de xaneiro ó 2 de febreiro Do 27 febreiro ó 2 de marzo Do 17 ó 23 marzo
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1-A (Oleiros) ● Teléfono: 981 61 00 27	Do 3 ó 9 de febreiro Do 24 ó 30 de marzo
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 61 79 37	Do 10 ó 16 de febreiro 31 de marzo ó 6 de abril

Datas



Alternativa dos veciños / Ángel García Seoane

TRABALLAMOS POR UN CONCELLO PARA VIVIR

A forma de funcionar e de facer do noso grupo político sempre estivo baseada no contacto persoal e directo cos veciños. As nosas orixes teñen as súas raíces no movemento veciñal e cultural tan prolífero en todas as parroquias oleirenses.

A Alternativa dos Veciños naceu na década dos anos 70, cando os nosos pobos carecían de todo tipo de servizos e infraestruturas deportivas e sociais, na que o descontrol urbanístico asolaba as nosas vilas.

Paralizar a destrución e conquistar o que hoxe disfrutamos foi un esforzo de xigantes nun país sembrado de

ananos políticos. As múltiples e variadas comisións de veciños e os centos de asembleas que se promoveron a todo o longo e ancho de Concello fixo posible, coa participación de todos, que en dúas décadas lográsemos este municipio singular, ordenado e con servizos e medios acordes a unha sociedade moderna e non terceiro mundista coma a que estábamos sometidos.

Pero aínda queda moito por facer, principalmente no que a infraestruturas viarias e transporte se refire. Son precisamente estes dous temas os que a inmensa maioría dos veciños reflexades na enquisa

que recentemente recibíchedes do Goberno Municipal.

Para acadar estas melloras tanto na rede viaria como no transporte son imprescindibles tres cousas:

1º.- Que os veciños, ademais de demandar, participen na cesión do solo necesario para levar a cabo a ampliación de estradas, ó igual que o están a facer para a dotación de andéns e beirarrúas.

2º.- Que o Goberno Municipal desenvolva os Plans Parciais para conquistar a apertura da nova rede viaria: circunvalacións que saquen os tráfico dos núcleos urbanos e novas vías: Vía Ártabra

(Lorbé-N-VI), a Artabriña (O Seixo, N-VI- Dorneda)...


3º.- Que a Xunta, Deputación e Ministerio de Fomento realicen as inversións. Sen estes últimos, de nada servirá o esforzo.

Pola nosa parte, imos poñer todo o empeño para que así sexa. Sabemos de antemán, que contamos coa inmensa maioría dos veciños, ós que puntualmente como sempre informaremos dos pasos que se dean para conquistar unhas das máis importantes infraestruturas que consoliden a Oleiros como un "Concello para vivir". Con todos vós será posible.



Unha vez máis o Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de "Vivir en Oleiros" realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Grupo Municipal Socialista

TIRANO BANDERAS

No, no vamos a hablar de literatura, pero esta novela de Valle Inclán, el genio del esperpento, que supone una profunda reflexión sobre el poder y la pasión de mando, una crítica feroz al totalitarismo y a los abusos de autoridad, donde la acción se desarrolla en un lugar inventado, pero que puede ser extensible a otros lugares por ejemplo Oleiros, nos viene al pelo para tratar el último proyecto de nuestro Alcalde: la invención de una bandera para nuestro municipio.

La mencionada bandera, al más puro estilo "García Seoane & Tenreiro" (copyright incluído) consiste en el escudo de Oleiros sobre la bandera de Galicia, un triángulo verde en el margen izquierdo que representa el ecologismo, y sobre éste una estrella roja de cinco puntas símbolo del socialismo internacional. Y todo porque "Oleiros es socialista" (García dixit).

Esta proposta ni incluye informe de

especialista en heráldica, ni se sustenta en el pasado cultural, histórico o social de nuestro Concello; simplemente es un diseño realizado por el Alcalde en una noche de insomnio (por favor que alguien le recete somníferos que cada vez que no duerme o diseña banderas, o camisetas de USAme o "diplomáticas" campañas a favor del pueblo palestino), y que a partir de ahora nos va a representar a usted y a nosotros.

Nosotros que somos socialistas creemos que una bandera no puede basarse en ideologías políticas y en personalismos de un momento concreto. Los gobiernos son coyunturales, tienen fecha de caducidad cada vez que los vecinos deciden retirar la confianza a un gobierno en las urnas, mientras que los pueblos quedan, están y estarán ahí siempre, y una bandera debe representar a todos y en todos los tiempos.



Bloque Nacionalista Galego / Claudia Lazo Rodríguez. Consello Local BNG de Oleiros
COMPROMETIDOS CON OLEIROS

Nos poucos días que levamos de novo goberno na Xunta de Galiza xa se ten amosado un salto cualitativo con respecto ao antigo goberno do PP.

Neste tempo visitaron Oleiros distintos altos cargos nacionalistas, entre eles os Directores Xerais de Deportes, Xuventude, Benestar Social, Comercio e Consumo, delegados provinciais de Cultura, Benestar, Industria... e teñen anunciada a súa visita outros

responsábeis de áreas como Vivenda, Turismo, Patrimonio... Unha mostra máis do compromiso do BNG coa cidadanía de Oleiros e coas súas necesidades. Só en dous meses visitáronnos máis dirixentes políticos das Consellerías do BNG que nos últimos 16 anos do infausto goberno do PP. Mais estas visitas non serviron só para "dar unha volta" senón que se comprometeron xa con medidas concretas a levar adiante, entre elas: o mobiliario para Escola Infantil da Canteira, Locais de

ensaio para os grupos de música de Oleiros, compromisos de apoio na reapertura do Pazo de Arenaza, convenio de apoio á única equipa ciclista feminina de Galiza (que é de Oleiros), convenios tamén co INEF Galiza, etc.

Mentres outros non deixan de poñer atrancos, erixíndose agora nos "grandes defensores" de todo aquilo que non quixeron arranxar en 16 anos de goberno (INEF,

transporte público...), o BNG traballa día a día desde as súas responsabilidades no Concello de Oleiros e na Xunta de Galiza polo interese das/os oleirenses.

Este compromiso do BNG con Galiza e cos cidadáns de Oleiros verase reflectido nos vindeiros orzamentos da Xunta nos que, ao fin, conseguiremos ter o apoio necesario para levar adiante moitos dos proxectos que tanto necesita o noso Concello.

XA VIMOS DE INAUGURAR...

O Parque Fonte Leocadia ▼

■ *Xa podemos disfrutar dun novo espacio natural de 3423 metros cadrados unindo a zona pública da rúa Leocadia co Paseo Marítimo de Santa Cristina.*

◆ Ante a negativa dos propietarios a realizar o desenrolo da actuación urbanística, onde se lles reserva un espacio para a construción dun edificio composto por baixo e dúas plantas, o concello viuse obrigado a aplicar a lei do solo executando e urbanizando de oficio con cargo económico ós promotores e propietarios dos terreos. A superficie total da zona é de 5.169,11 metros cadrados, dos que 1.745,43 metros son para as parcelas edificables, e 3.423,68 metros para o espacio adicado ó parque. Estas obras de urbanización tiveron un orzamento de 248.840,05 euros.

Esta nova área de ocio está composta por unha zona verde, recuperando o manantial da Fonte Leocadia, e unha ampla dotación de servizos urbanos. Os traballos de acondicionamento foron realizados respectando o arborado existente e o pozo natural escavado na rocha. A elección dun pavimento peonil brando para os camiños pretende dotar de accesos un espacio en harmonía co medio ambiente.



▼ Oleiros mergúllase no fondo mariño

■ *O Concello de Oleiros xa conta coa súa propia Aula do Mar, un Centro de Visitantes do Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes,*



◆ Emprazada na antiga Casa do Fareiro ubicada nun enclave estratéxico por se-lo enfilamento do canal de acceso á Coruña. A súa rehabilitación foi froito do minucioso proxecto deseñado polo arquitecto César Portela e un grupo de técnicos municipais que procuraron a conxugación perfecta entre tradición, historia e modernidade poñendo as últimas tecnoloxías ó alcance de todos.

Esta nova e atractiva plataforma, financiada polo concello e a Fundación Arao, con máis de 200.000 euros, alberga nas súas instalacións unha terraza-observatorio panorámico, novas instalacións interiores, un laboratorio e a creación de dúas galerías acristaladas a modo de "miradores" na parte traseira do edificio.

Unha Aula para todos ▼

◆ O centro tamén conta cun grupo de profesionais a disposición do público para ofrecer información a cerca dos itinerarios e puntos de interese natural e cultural ademais de realizar actividades na aula de natureza que posibiliten a participación activa do visitante. Ambas iniciativas deberán concertarse previamente cos monitores. Os percorridos polo centro realizaranse en compañía de orientadores cando se constituán grupos de máis de dez persoas. Os centros escolares e colectivos sociais que o desexen tamén poderán acollerse ó programa de visitas guiadas. En ambos casos, non hai máis que dirixirse ó Centro de Investigación e Desenvolvemento Ambiental (CEIDA), situado no Castillo de Santa Cruz ou chamando ó teléfono 981/ 630 618 en horario de 10 a 2 da tarde e de 4 a 7 do serán.

¿Que se pode visitar? ▼

◆ É un escaparate multimedia no que o visitante poderá integrarse para contemplar dentro do Monumento Natural, os recursos naturais- flora e fauna- , a acción do mar, os oficios, a recreación dunha furna mariña e un módulo adicado á historia dos Faros. A exposición interior, constituída por unha secuencia de paneis informativos, permite realizar unha longo viaxe mergullando ó espectador nos recunchos máis profundos do fondo mariño.

CEN CATIVOS PARA A NOSA CANTEIRA ▼

■ Dende este outono xa está aberta ó público unha nova escola municipal infantil en Oleiros. Trátase da Canteira, ubicada na parroquia de Perillo, e con este centro de ensino, dirixido ós máis cativos da casa, xa son 270 os nenos menores de 3 anos que se atopan matriculados no noso municipio. Esta cifra sitúanos como o concello que máis prazas oferta dentro da provincia, logo da cidade de A Coruña.

◆ Este novo centro, situado na urbanización de Carballido, tiña negada por parte do anterior goberno autonómico a dotación do mobiliario escolar para poder poñela en marcha. Pero as recentes xestións realizadas polo concello de Oleiros ante a nova Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, deron o seu froito e púidose equipa-lo edificio co material preciso para a súa posta en funcionamento.

A "Canteira" incorporase á rede de escolas infantís do municipio, xa existen outras dúas, dando capacidade a 110 nenos con idades comprendidas de 3 meses a 3 anos. Tamén desenrola un programa de integración dirixido ós cativos que sofren algún tipo de minusvalía. Máis de 1200 metros cadrados distribúense en salas de sono para bebés, áreas de xogo, aulas, comedor e unha ampla zona verde ó aire libre. As obras de execución da Escola foron sufragadas integramente polo concello ascendendo a un investimento de case 800.000 euros.

Os servizos do centro inclúen dende comedor e transporte a disposición das familias ata un gabinete psicopedagóxico para o asesoramento e atención permanente ademais dun amplo equipo de profesionais altamente cualificados. No vran está prevista a realización dun calendario de actividades lúdicas aberto para tódolos nenos menores de seis anos.



HORARIOS E DISTRIBUCIÓN

◆ Nun intento por atender as novas demandas das familias que reclaman unha ampliación de horarios para poder conciliar a vida familiar coa laboral, a escola infantil permanecerá aberta ó público en horario de 07:45 a 20:15 horas ininterrompido podendo adaptarse así ás necesidades propias de cada neno, aínda que non é aconsellable unha estancia superior ás oito horas. A distribución dos grupos por idades, aínda que depende da demanda existente, é a seguinte: dúas salas de oito bebés, dúas salas de 1 a 2 anos e tres para os de 2 a 3.

O Concello de A Coruña é o primeiro da provincia na oferta de prazas públicas para escolas infantís. Oleiros, o segundo. Pero claro, a capital herculina conta con preto de 250.000 habitantes e dá servizo a 299 rapaces. O noso municipio ten matriculados a 270, cunha poboación de case 30.000. A diferenza é considerable si temos en conta que a nosa poboación é oito veces menor e os matriculados son só 30. Isto nos levaría a concluir que **os oleirenses somos os primeiros da provincia, por poboación, en canto á oferta de prazas públicas por alumno.**

Por iso, dende o goberno municipal a preocupación por ofrecer novas escolas infantís para poder dar servizo a un maior número de veciños seguirá a ser unha constante así como tamén o é a renovación e mellora das que xa están en funcionamento. Día a día **traballamos**, e o seguiremos a facer, **para que os nosos fillos poidan optar** a centros públicos de ensinanza dende moi cativos, para que os cidadáns, que así o precisen, **poidan compaxinar** familia e traballo ampliando os horarios de apertura dos centros e cubrindo as necesidades que marca a sociedade actual. Traballamos para que vivir nun concello ó teu alcance porque tí es o primeiro.



**Cada cousa no seu sitio,
e un sitio para cada cousa**

**Gostaríanos que un fillo xogase coas
bolsas de lixo que non se verten nos
correspondentes contedores?**

**Para evitalo, empregue
axeitadamente os contedores.**

Polo ben de tod@s

STOP: ESTAMOS TRABALLANDO ▼

■ *Se algo marca a xestión municipal diaria de Oleiros é, sen dúbida, as obras que constantemente se están a realizar para mellorar a calidade de vida dos veciños. Novas infraestruturas, alumeados, saneamentos, melloras nas comunicacións viarias e a dotación de novos espazos conforman o conxunto de actuacións do goberno local. Na actualidade, o concello está inmerso en dúas grandes execucións que nos farán gañar en benestar e servizo público: a piscina municipal e o Paseo da Ría.*

ASÍ SERÁ A NOVA PISCINA:

◆ Ubicada entre as parroquias de Nós, Iñás e Oleiros. Ó lado da Avenida Miguel Hernández e da futura vía de circunvalación, esta obra xa se atopa en fase de construción e o seu remate está previsto para o primeiro trimestre do 2007. O novo edificio estará dotado con dous vasos de natación, ximnasia, sauna, cafetería e outros servizos distribuídos en tres plantas (sótano, baixa e primeira) ocupando unha superficie de 2.600 m².

Con esta actuación preténdese equipar o municipio con novas e modernas infraestruturas deportivas capaces de atender e albergar a demanda, cada vez maior, deste tipo de complexos para uso e disfrute dos oleirenses.

Orzamento: 1.555.876,45 €



E ASÍ O NOVO PASEO DA RÍA:

■ PROXECTO

◆ A “Recuperación ambiental da marxe dereita da Ría do Burgo no contorno da Ponte da Pasaxe” é un ambicioso proxecto que pretende dotar o noso litoral dun paseo marítimo de seis metros de ancho ó tempo que recuperar unha zona de alta riqueza natural, actualmente moi degradada no núcleo de Perillo.

■ FINANCIACIÓN

◆ A realización deste novo paseo pasa pola execución da obra en dúas fases. A primeira, que dará comezo nos vindeiros días, comprende dende Agramar ata a Ponte da pasaxe. Este primeiro tramo, financiado íntegramente con fondos municipais, conta cun orzamento de 1.437.567€ (239.191.023 pesetas).

A segunda fase, que comprende dende a Ponte da Pasaxe ata a Fábrica, está previsto contratala no vindeiro trimestre por un importe de 856.000€ (142.426.416 pesetas).

As obras terán un prazo de execución de doce meses.




OBRAS REMATADAS:

► Accesos ó Pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz.

Ubicado no centro do núcleo de Santa Cruz

Dotación de acceso e aparcamento ó pavillón dentro dunha actuación baseada na construción dunha pequena urbanización onde se dotaron de servizos e se crearon varias parcelas. Os propietarios financian as obras de urbanización.

Orzamento: 284.023,18 €




OBRAS REMATADAS:

- Novos Bombeos de Bastiagueiro e A Pasaxe.
- Mirador no parque metropolitano de Liáns.....23.000 €
- Renovación dun tramo do colector de saneamento na Rúa Zaire (Perillo)..... 22.000 €
- Melloras nas baixantes de pluviais do edificio A Fábrica16.426 €
- Melloras impermeabilización preescolar Rialta..... 6.786 €
- Mobiliario nova escola infantil A Canteira..... 59.604 €
- Sustitución carpintería exterior casa Echeverri..... 27.525 €
- Tramo de beirarrúa na Avda. Che Guevara ó lado da Rotonda de Nirvana..... 54.600 €
- Sinalización do sendeiro pola costa norte de Oleiros P.R.G. 87 15.210 €
- Andén A lagoa- O Regacho (2ª fase) (Maianca)41.127 €
- Renovación tramo tubería abastecemento auga en O Seixal..... 59.720 €
- Renovación tramo tubería abastecemento auga en Rúa O Pazo (Oleiros)..... 58.052,87 €
- Sustitución tramo colector augas residuais en Avda. Diaz Pardo..... 37.196 €



CONTRATADAS:

- Beirarrúa Igrexa de Dorneda a Santa Cruz.....162.000 €
- Beirarrúas entre Abeleiras e Franzomel..... 130.000 €
- Pavimentación Rúas: A Golpa, Xenerosa, Lodeira, O Castaño e outras 120.000 €
- Renovación cuberta do edificio As Pedras..... 60.000 €
- Remate cunetas e drenaxes en Montrove..... 28.500 €
- Mellora zonas verdes e parques infantís de Os Regos e Rialta..... 27.000 €
- Melloras na Casa da República..... 16.305 €



OBRAS EN MARCHA:

- Cuberta de madeira para as pistas polideportivas do I.E.S.P. Miraflores, de Oleiros, e Dexo.....485.786,63 €
- Acondicionamento do parque da Lagoa de Mera..... 271.173,85 €
- Instalación de 7 novas pantallas informativas luminosas.177.914 €
- Urbanización da rúa Xosé Neira Vilas.140.207 €
- Plataforma peonil entre Montrove e As Pedras, diante do antigo colexio Vidalba.24.846,08 €
- Apertura da R/ Fuxeiras.....115.430,80 €
- Beirarrúa na Avenida Concepción Arenal, desde Coruxo de Arriba ata a Rúa Nébeda en Santa Cruz.93.652 €
- Renovación da tubería de abastecemento de auga no Seixal.....59.720 €
- Colocación de paneis informativos sobre parques e outras zonas verdes do termo municipal.....59.064 €
- Remate de beirarrúas na Avda. Miguel Hernandez, dende o Cristo Rei ata o Instituto de Ensinanza Secundaria e conseguinte canalización de servizos públicos.....39.333 €
- Ampliación beirarrúa no Lucín- Avda. Rosalia Castro.....26.703 €
- Colocación de paneis informativos sobre a prohibición de acceso de vehículos ó Monumento Natural de Dexo-Serantes.....9.800 €
- Mellora da rede de auga en R/ do Fieitos, Avda. Pilar Estevez Dieguez e R/ Bartolomé de las casas.....119.287,71 €

3.800.000 € en obras de saneamento

- Renovación do colector de augas residuais do rego de San Pedro, dende Liáns ata A Barcala.
- Telecontrol de todos os bombeos de augas residuais.
- Colectores e nova depuradora de Oleiros.
- Nova depuradora de Lorbé.

65 MILLÓNS PARA O PLAN VIARIO ▼

■ Nas dúas últimas reunións celebradas na casa do Concello de Oleiros pola Comisión Informativa permanente do "Plan Viario" do Foro de Mariñán, da que o noso alcalde é presidente, adoptáronse os seguintes acordos para a súa remisión ós órganos responsables entre os que destacan o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de A Coruña.

ACORDOS: ▼

- Demandar a urxente contratación e consignación de créditos ante o Ministerio de Fomento e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da 3ª Ronda (acceso aeroporto de Alvedro – conexión coa A-6), Vía Ártabra (tramo Espírito Santo – Lorbé), plataforma de tres carrís ida e volta para o vial 7.
- Solicitar a redacción dun Plan Director de Infraestruturas Viarias que recolla as necesidades da Comarca con prazos de inversión
- Demandar a urxente realización da ampliación da Ponte da Pasaxe e a variante Oleiros – Sada
- Demandar a supresión da peaxe da Barcala e Arteixo e estudia-la eliminación do canon de Guísamo e de Carballo.
- Demandar a axilización das obras en execución da N-VI
- Demandar ó Concello de A Coruña a axilización da dispoñibilidade de solo para a construción da 3ª Ronda
- Demandar a Fomento o estudio informativo do vial de conexión entre a A-6 e o Porto Exterior.



■ Un intre da rolda de prensa pola comisión do Plan Viario tras a última reunión do Foro de Mariñán

Logo desta e outras xuntanzas e gracias á sólida unión dos integrantes do Foro de Mariñán comezase a recolle-los froitos de tantas xestións. Proba delo, serán as inversións previstas polo novo goberno galego para o 2006

FROITOS: A Xunta de Galicia destina ▶

- ▶ 30 millóns de euros para a 3ª Ronda
- ▶ 30 millóns de euros para a Vía Ártabra divididos en catro anualidades
 - 2006: 1.038.623 €
 - 2007: 5.500.000 €
 - 2008: 12.000.000 €
 - 2009: 11.400.000 €
- ▶ Mais de 5 millóns de euros para a mellora das estradas na Comarca de A Coruña

PARQUES: CUSTE CERO ▼

■ O Alcalde de Oleiros xunto cos concelleiros de servizos municipais, Ignacio Taboada, e réxime interior, Mª. José Varela, mantiveron diversas reunións informativas cos veciños de tódalas urbanizacións existentes no termo municipal co fin de liberar ás entidades de mantemento a súa responsabilidade na conservación dos parques públicos ubicados en cada zona.



◆ Un primeiro paso deuse hai tres anos cando o goberno local aprobou a concesión de subvencións, cifrada na actualidade nun 75%. Agora, a eliminación do canon económico pasa por dúas alternativas. A primeira propón ós veciños a posibilidade de continuar coidando as áreas verdes a través do financiamento público do 100% dos traballos. Unha segunda opción, aplicable a partires do vindeiro ano, delega a execución das melloras directamente sobre o concello, quen se encargará de contrata-las empresas especializadas.

Foi esta segunda proposta á que, a inmensa maioría dos asistentes ás asembleas, decidiu aprobar por considerar que deben ser os responsables municipais os que se encarguen do coidado dos xardíns como xa acontece noutras zonas do territorio. Deste xeito, unha vez disoltas as entidades e tras a correspondente notificación, o concello asumirá a conservación de tódolos parques públicos rexistrados no municipio.

Por outra banda, nas asembleas coas entidades tamén xurdiron outras cuestións entre as que cabe destacar un novo compromiso

municipal: a limpeza viaria. Neste senso, o alcalde informou que xa está prevista a contratación dun servizo específico para todo o concello, que pasará con regularidade polos entornos urbanos.

Cooperación Internacional, un selo de identidade

■ O Concello de Oleiros está a desenvolver dende hai anos, unha forte campaña no eido da cooperación internacional que con carácter puntual ou permanente se pon en marcha desde o Goberno Municipal para favorecer o desenvolvemento daqueles países que máis o necesitan.

■ CON ÁFRICA:

- **EN DAKARA- O CONGO.** Colaborando coas Irmáns Misioneras de Bériz para desenvolver un taller de alfabetización de costura.
- **EN MOZAMBIQUE.** Construindo e poñendo en funcionamento un centro de apoio para impartir asistencia educativa e sanitaria a nenos de 3 a 7 anos, en colaboración co Fondo Galego de Cooperación
- **EN MAHANHANE – MOZAMBIQUE.** Tamén en colaboración co Fondo Galego, fixéronse 25 letrinas para a prevención de enfermidades.
- **EN ETIOPÍA.** Ampliación e remate do Hospital de Gambo- Arsi e dunha nova clínica para atender casos de tuberculosis en colaboración con Manos Unidas.
- **NA REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUI DEMOCRÁTICA.** En colaboración con Ingeniería sin Fronteras, elaboramos varios proxectos destinados a mellorar o abastecemento nos campamentos de refuxiados e, a través da Asociación Galega de Axuda ó Sahara, participamos no programa “Vacaciones en paz” para nenos dos campamentos de refuxiados, convivindo un mes con nós.



■ CON CENTROAMÉRICA:

● EN GUATEMALA

- En colaboración coas **Irmáns Misioneras de Bériz** desenvolvemos un proxecto para a compra de terreno e construción de vivendas para 111 familias afectadas polo furacán Stan
- Co **Fondo Galego de Cooperación**, financiamos a construción dunha ponte vehicular no municipio de El Estor para o paso de produtos agrícolas a 120 familias da comunidade.
- Coa **Coordinadora Nacional de Viudas de Guatemala** formamos e capacitamos a mulleres campesinas do área de Ixil- El Quiché

● EL SALVADOR

- A través de Yolocamba construimos **en Nejapa 442 vivendas**, centro de saúde, gardería e parques para reubicar a 2.400 habitantes que vivían no suburbio marxinal “Calle Vieja”
- Dotación de **enerxía eléctrica** á comunidade de El Paraíso
- Co Fondo Galego de Cooperación se desenvolveu un proxecto para o **abastecemento de auga potable** ó Caserío de La Loma.

● NICARAGUA

- En cooperación coa Fundación Augusto Sandino o Concello de Oleiros apoiou a **construción de 100 vivendas para campesinos** afectados polo furacán Mitch no departamento de Estili.
- En cooperación coa Fundación Popol-Na desenvolveuse un proxecto de **recuperación da economía rural en Nagarote-Managua**
- Coas **Irmáns Misioneras de Bériz**, rehabilitouse a Casa da Juventud de Cosigüa en El Viejo como centro de prevención de consumo de drogas, alcohol e delincuencia xuvenil
- Con Solidaridade Galega prestouse **asistencia sanitaria e quirúrxica** a poboación sin recursos económicos

● MÉXICO

- Coa Fundación Paz e Solidariedade acadouse a **capacitación profesional dos mozos indíxenas en granxas e talleres** en Chiapas.
- **Compra dun vehículo ás irmáns misioneras de Bériz** para desplazamento na asistencia médica e educativa á poboación de Soyatitán

● HONDURAS

- Con Solidariedade Internacional **construímos 20 letrinas en Gualdaya e 34 en rancho Consolito**, ademais da rehabilitación de infraestruturas de saneamento en Lempira.
- Con ACOES, **posta en marcha dun centro de educación infantil** para nenos en situación de extrema pobreza.

● CUBA

- Con OSPAAAL **enviamos materias primas para a fabricación de produtos farmacéuticos**, inexistentes na illa a causa do bloqueo
- Coa Asamblea do Poder Popular, **construímos un consultorio médico** no barrio de Ataris e remodelamos o Hospital pediátrico de Centro Habana
- **Financiouse o traslado de material donado por AENA** para reutilizalo nos aeroportos .
- En colaboración co Concello de Santiago de Cuba, **rehabilitouse o Escola Josué Pais García**

● HAITÍ

- Con Intermón **desenvolvíuse un proxecto de formación** con materiais e man de obra para o desenrolo integral de 18 agrupacións agrícolas e 200 pequenos cultivadores de habichuelas.



■ CO POBO PALESTINO:

Financiouse a dotación do **Centro Cultural para nenos no Campamento de Refuxiados de Al-Fawwar.**

O vindeiro ano **incrementaremos á cooperación internacional** a novos países do continente asiático como é o caso de **FILIPINAS** no que xa estamos a traballar para a **posta en funcionamento dun centro de acollida para nenos da rúa.**

O Concello de Oleiros destina o 0,7% real de varios capítulos do seu orzamento á cooperación internacional para estar co que nos reclame axuda, co que ansía a liberdade e co que loita pola igualdade entre países.

**¿QUERES COLABORAR?
CONTA SOLIDARIA PERMANENTE
2091- 0064-58-3040011138
PODERÍA TRATARSE DE TÍ.**

VANDALISMO: INIMIGO URBANO ▼



◆ Dende hai tempo o noso concello está sendo agredido. As novas relacionadas co deterioro de espazos urbanos están cobrando, cada día, máis protagonismo nos medios de comunicación locais. Isto débemoslo a un grupo de *gamberros* que se adican, no seu tempo de lecer, a degradar as zonas públicas e privadas realizando actos vandálicos de todo tipo aínda que con especial preferencia polas pintadas. En Santa Cruz ou na parroquia de Liáns saben moito disto. Nestas localidades as agresións no mobiliario urbano, nas fachadas de edificios particulares e nos muros das fincas cobran especial relevancia chegando a causar certa alarma e malestar entre os veciños.

◆ Xeralmente, trátase de graves destrozos en papeleiras, contenedores, sinais de circulación, fachadas de organismos públicos, portais de vivendas particulares e pintadas en calquera espacio por reducido que pareza. Mensaxes de texto, firmas persoais ou de grupo e garabatos que só contribúen ó feísmo da cidade son a fonte de inspiración dos que, lonxe de chamarse artistas, se están a converter nos inimigos dos oleirenses.

◆ Por iso, o Concello puxo en marcha todo os seus recursos co fin de erradicar este tipo de comportamentos. Gracias á colaboración cidadán estamos logrando localizar ós protagonistas destas *gamberradas* estreitando os seus círculos de actuación.



As pintadas, os destrozos no mobiliario, a degradación da paisaxe, as agresións ambientais.....

SON RESPONSABILIDADE DUNS POUCOS



◆ Un claro exemplo das novas medidas xa en funcionamento é a aprobación, polo goberno local, dunha ordenanza sancionadora de aplicación inmediata contra os que pretendan destruír o patrimonio público e privado causando graves danos no entorno ademais de cuantiosos gastos nos traballos de restauración das zonas afectadas.

◆ A aprobación desta nova medida persigue dúas finalidades: por unha banda, evitar que os autores se confronten a un proceso xudicial que pode acabar con penas de prisión por tratarse, nalgúns casos, de actos delictivos e, por outra, a propia reinserción dos vándalos que deben asumir a reconstrución do patrimonio ou costear os gastos derivados.



COLABORA
 Se coñeces
 Se che contan
 Se es testemuña
DENUNCIA
 Só así pararemos o
VANDALISMO
 CHAMA Ó: 981/610/001
 (Policía Local de Oleiros)

O goberno municipal agradece a todo os cidadáns a súa estreita e constante colaboración na procura dos autores destes actos de vandalismo que se están a converter en fortes agresións contra o noso municipio.

**Os parques, as prazas, as rúas,
as praias, o concello.....**


É PATRIMONIO DE TODOS



CADA VEZ MÁIS... VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL

● Dende hai anos o Goberno local está a desenrolar fortes políticas de xestión que favorezan a incesante proliferación de vivendas de protección oficial de titularidade pública no noso termo municipal. Cada convenio urbanístico dirixido á edificabilidade tradúcese, en contraprestación, na cesión ó concello dun 10% de solo. Isto permite incrementa-lo volume de superficie de titularidade municipal co fin de destinalo á promoción e construción de novas vivendas de prezos taxados, dirixidas a cubrir as necesidades dos veciños. Cada vez son máis as zonas reservadas para este tipo de edificacións, en permanente auxe en Oleiros, ocupando os mellores emprazamentos nos diferentes lugares do municipio e enmarcadas nos entornos máis inmediatos ás áreas verdes das urbanizacións. A venda do solo por parte do consistorio está condicionada, e directamente vencellada, á construción de vivendas de prezos taxados non podendo superalo importe de venda estipulado pola Comunidade Autónoma a fin de facilitar e garantir un dos dereitos e principios máis básicos: **o acceso de todos os cidadáns a unha vivenda digna.** Cada nova creación de vivendas de promoción pública en Oleiros é motivo de interese e expectación por parte dos veciños. Unha inmensa maioría de familias e un, cada vez, mais elevado número de xoves con gañas de independizarse configuran o perfil dos principais demandantes. No caso de Oleiros, os interesados deberán estar empadroados no concello sendo imprescindible a entrega da documentación relativa ós ingresos económicos e o número de integrantes da unidade familiar.


■ CONSTRUÍDAS




■ **CAAVAMONTES.** Parroquia de Perillo
29 vivendas de promoción pública en réxime de aluguer



■ **ICARIA II.** Parroquia de Montrove
32 vivendas



■ **O GRAXAL.** Parroquia de Liáns
16 vivendas



■ **GALERAS.** Parroquia de Liáns
30 vivendas


■ EN CONSTRUCCIÓN




■ **MESÓN DA AUGA.**
O Carballo.
Parroquia de Nós

167 vivendas. 110 vivendas unifamiliares e 57 pisos (18 de 4 dormitorios, 34 de 3 dormitorios e 3 de 2 dormitorios). 2 pisos de 3 dormitorios se reservarán para personas con diminución física.

- ▶ 2ª quincena de decembro: sorteo público ante notario. Auditorio de Mera
 - ▶ Febreiro 2006: sinatura do contrato de compra – venda
 - ▶ Xuño 2007: entrega das vivendas de promoción
- Xúntase relación de adxudicatarios, segundo superficie e tipo de vivenda, que optan a sorteo público.



■ **O CARBALLIDO.** Parroquia de Perillo
32 vivendas



■ **A COVA.** Parroquia de Sta. Mª de Oleiros
24 vivendas

■ PENDENTES DE CONSTRUIR

● No primeiro trimestre do 2006 darán comezo as obras de construción das setenta e sete novas vivendas de protección oficial de promoción pública posto que xa rematou a venda das tres parcelas, de titularidade municipal, situadas nas localidades de **Canide – Maianca, Fonte da Barreira (Perillo) e o Seixal (Nós).** Os interesados en adquirir unhas destas propiedades deberán estar empadroados no termo municipal de Oleiros e cumprir coas bases estipuladas no concurso tales como a situación económica ou o número de membros da unidade familiar. Todas as persoas que resultaron excluídas por falla de puntuación no concurso de vivendas de protección do Carballido, no alto de Perillo, poderán optar ás novas concesións presentando unicamente un escrito onde se detalle a localidade que máis lles interesa. Este documento será incorporado ó seu expediente anterior evitando así volver a iniciar outros procesos burocráticos.




■ **CANIDE.** Parroquia de Maianca
18 vivendas



■ **O SEIXAL.** Parroquia de Nós
33 vivendas



■ **FONTE DA BARREIRA.**
Parroquia de Perillo. 26 vivendas



■ **MEIXONFRÍO.**
Parroquia de Liáns. Sta. Cruz. 87 vivendas

NOVAS ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS

O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE IÑÁS

◆ **Xa está en marcha.** A inversión municipal alcanzada ascende a 6.323.211 de euros (1100 millóns de pesetas). O remate das obras de construción está previsto para dentro de doce meses. O tempo que se realizan os traballos de urbanización desta área, tódolos propietarios interesados en ubicarse neste novo complexo poderán iniciar a construción das súas naves e locais industriais.

Cabe destacar que existe un notable e crecente interese por parte de varias empresas europeas en ubicar delegacións ou trasladar as súas sedes a este novo polígono de promoción pública, aínda que con parcelas de titularidade privada. Por iso, tódolos interesados en adquirir parcelas deberán pórse en contacto cos propietarios das mesmas. O Concello de Oleiros, adxudicatario do 10% do solo mediante cesión obrigatoria, sacará nos vindeiros días a subasta a totalidade das súas parcelas que ocupan unha superficie de 20.000 m² divididos en tres fincas situadas en diferentes ámbitos do polígono.



Calidade urbana | Calidade humana |
"OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PLAN PARCIAL INDUSTRIAL S.U.N.P. I-33-R, EN IÑÁS"
 Orzamento: 8.446.716,14 Euros
 Contratista: **ESPINA**
 Asesoría dos veciños
 Concello de Oleiros



URBANIZACIÓN FONTE DA BARREIRA


◆ **Comezaron as obras nun ámbito de actuación que abarcará dende a Escola das Pedras, Avenida Valle Inclán ata a Rosalía de Castro.** Esta nova zona residencial, onde se conxugan vivendas unifamiliares na zona de atrás con edificios plurifamiliares nas inmediacións da fonte da Barreira, dotará ó núcleo de Perillo de grandes áreas verdes, destinadas ó ocio, así como de espazos deportivos e infraestruturas de carácter sociocultural onde tamén se dará cabida ó novo campo para as festas da localidade. E **porque somos un concello comprometido** co medio ambiente, a zona onde nace o manancial da Fonte da Barreira destinarase a unha gran área verde desprazando así a actual toma de auga a unha nova fonte que se ubicará nas inmediacións da rúa da Barreira

OS PORTOS DE LORBÉ E MERA

◆ **Antes de abandonar a Xunta de Galicia e xa fóra de prazo e sen competencias tras a perda de poder, o goberno do Partido Popular INFORMOU DESFAVORABLEMENTE** o Plan Xeral de Ordenación Municipal no referente ó ámbito portuario para a construción dos portos de Lorbé e Mera. Isto supuxo a paralización do planeamento entorpecendo e retrasando o proceso de tramitación para a súa aprobación. Así se reflexa no seguinte documento remitido e debidamente asinado pola, entón, directora de Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O PARTIDO POPULAR DIXO NON ÁS ACTUACIÓNS PORTUARIAS

◆ **Gracias ás xestións levadas a cabo polo noso alcalde ante o novo goberno autonómico, a través da Dirección Xeral de Portos de Galicia, logrouse desbloquear a situación provocada polo Partido Popular pasando a incluír, tal e como estaba previsto inicialmente, as actuacións portuarias en Lorbé e Mera.**



O NOVO PALACIO DE BASTIAGUEIRO ▼

No 2007 Oleiros disporá de outro **auditorio municipal** que albergará unha nova **escola de danza** e un **palacio de congresos**.

■ Para elo, o Concello ven de aproba-lo Plan Especial de Bastiagueiro que afecta ós terreos da Deputación Provincial recollidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal como dotación para uso deportivo, cultural e zonas verdes. Esta nova medida resulta imprescindible para poder acomete-las obras de construción do que será un dos principais referentes sociais do municipio.



◆ Situado nunha zona singular e estratéxica, nunha das arterias principais de acceso ó concello e rodeado de dúas instalacións universitarias como son o INEF e o Pazo de Lóngora, esta construción permitirá dotar o territorio con novas e modernas infraestruturas ó servizo dos cidadáns atendendo así a incesante demanda existente de máis espazos capaces de albergar a celebración de acontecementos sociais e culturais.

Serán máis de 20.000 m² os que darán cabida á nova edificación englobada nun área con amplas zonas reservada para aparcamento e zonas verdes. O presuposto estimado para a execución deste novo ámbito ascende a 8.600.000 de euros divididos en tres anualidades, contando cun financiamento municipal de 2.000.000 de euros para o

2005. Os seguintes exercicios contarán cun orzamento municipal de 4.000.000 de euros e 2.600.000 de euros.

Auditorio, teatro e palacio de congresos ademais dunha nova escola de danza. Estas son os principais destinos dun edificio que xa comezou a dar os seus primeiros pasos para converter o soño de moitos oleirenses nunha realidade prevista para o 2007. O edificio contará cunha superficie superior ós 3000 m², dos que 1.100 se destinarán **á sala principal dotada cun patio de butacas con aforo para 1000 persoas**. Está previsto compartimentar esta zona co fin de acadar espazos máis reducidos (aforos de 500 e 250 persoas) axustados a diferentes ós diferentes espectáculos.

Mais instalacións: ▶

Licitación ▼

- **Escola de danza:** con tres salas principais, de 130 m² cada una.
- **Sala complementaria:** con sistemas de proxección e capacidade para 180 persoas.
- **Sala de exposicións:** 200 m² para exposicións ademais da zona destinada no **vestíbulo**.
- **Escenario:** dotado coa tecnoloxía máis avanzada en sistemas audiovisuais.
- **Tres salas de usos múltiples,** de 80 m² cada una.
- **Camerinos, salas de ensaio, cafetería – restaurante** e zonas destinadas a servizos administrativos e de mantemento veñen a completar a dotación de servizos dun edificio que se perfila como unha das máis grandes e ambiciosas actuacións do voso goberno.

◆ O prazo para a presentación das ofertas rematará o vindeiro 26 de decembro. A empresas que se sometan a concurso están obrigadas a entregar un proxecto básico que, de ser elixido, deberá completarse coa redacción definitiva da construción nun prazo máximo de tres meses seguintes. O adxudicatario da obra disporá de 18 meses para a súa execución.

Por mantemento do medio ambiente, xestión de control urbanístico e recuperación e coidado do patrimonio, o goberno municipal requerirá os ofertantes a integración do edificio no contorno en perfecta harmonía.

Xoveoleiros e Ocioleiros: DE MAR A MAR ▼

■ *E a piques de comezar unha nova edición de Ocioleiros, algúns aínda teñen o doce sabor de boca que lles deixou a illa de Palma de Mallorca e ese precioso e paradisíaco recuncho do mundo chamado Cuba. Ambas expedicións partiron alá polo mes de setembro e aínda que a primeira tivo un carácter máis turístico, os integrantes da segunda non son capaces de deixar de falar da riqueza paisaxística e da maxia envolvente do malecón cubano. A boa acollida que tiveron en ambas cidades e a posibilidade de intercambiar cultura e historia, sen océano de por medio, foron dúas das guindas dunha experiencia xa imborrable nas súas vidas.*

◆ O certo é que a temporada estival non puido rematar mellor para os catorce mozos e mozas, con idades comprendidas entre 14 e 17 anos, que resultaron gañadores da última edición de Xoveoleiros: unha viaxe á illa de Palma de Mallorca na procura dunha nova experiencia. Tempo tiveron para as visitas culturais e turísticas, para o ocio e o lecer disfrutando das súas praias, da natureza, dos monumentos históricos e dos centros de recreo.

Sen embargo, todos os participantes coinciden en sinalar que a convivencia e os lazos de amizade xurdidos durante a súa estancia alí son o mellor resumo dunha viaxe que xa forma parte dos seus recordos aínda que permenece para sempre nos seus corazóns.



OCIOLEIROS CRUZA O CHARCO ▼



◆ Dende logo, máis mundo, ou polo menos máis lonxe, foi o que coñeceron os membros da segunda expedición encabezada polo noso alcalde. A viaxe realizada a Cuba, por gañadores dos dous programas, estivo protagonizada por encontros institucionais, actos oficiais e visitas de carácter cultural pero sen esquecer o espírito aventureiro e a finalidade lúdica da viaxe. O bo tempo, a música e o carácter extrovertido das súas xentes propiciaron, en todo momento, un ambiente familiar e acoledor, elemento clave para que os oleirenses viñeran con bo sabor de boca, con algo de salsa aínda nos seus corpos e con moitas lembranzas cargadas de sentimentos, de ledicia, de encontros, de conversas e de amizade. Ademais de diversión tamén tiveron a oportunidade de comprobar a beleza dun país que rezuma calidez e humanidade por cada recuncho. Sen dúbida, un bo motivo para volver a participar na vindeira edición de dous programas que, á parte de entreter e fomentar a convivencia entre veciños, permiten coñecer outras culturas, outras xentes e outras cidades.

E tí, qué fas co teu tempo?



desfrútao en

OCIOLEIROS

Se tes entre
14 e 17 anos

Ou entre
18 e 35 anos

XOVEOLEIROS

Para os que teñen
entre 36 e 60 anos

desfruta en

OCIOLEIROS
XOVEOLEIROS

14 a 17 anos 18 a 35 anos

de 36 a 60 anos

- Danzas actuais (batuka, do ventre...)
- Capoeira
- Obradoiro de Cómics e Graffiti
- Cociña
- Percusión
- Fútbol Sala
- Baloncesto 3x3
- Badminton

- Danzas actuais (batuka, do ventre...)
- Capoeira
- Percusión
- Masaxe
- Fotografía Dixital
- Cociña
- Pintura
- Bailes de salón
- Fútbol Sala
- Baloncesto 3x3
- Badminton
- Aquagim (ximnasia acuática)

- Informática (iniciación e perfeccionamento)
- Fotografía Dixital
- Técnicas de Relaxación
- Cociña
- Pintura
- Bailes de Salón
- Badminton
- Natación

De 14 a 17 anos

De 18 a 35 anos

De 36 a 60 anos

...E ademais, se vés e participas...

¡IGUAL VIAXAS!

Apúntate na Fábrica de Perillo do 15 de decembro ate o 15 de xaneiro

Informámote no 981 636 598 e no Centro Cultural A Fábrica, Conserxería e oficinas de Cultura

Prezos por actividade:
5 euros OCIOLEIROS
10 euros XOVEOLEIROS

NOVAS CITAS PARA O TEMPO DE OCIO ▼

■ O Goberno municipal, a través da Concellerías de Cultura, Turismo e Servizos Sociais, vén de elaborar o novo calendario de actividades para que todos os oleirenses poidan participar e disfrutar dun amplo abanico de posibilidades durante o seu tempo de ocio e lecer. Teatro, Música, Bibliotecas, Cine, festivais, celebracións populares actividades ó aire libre son algunhas das propostas para no 2006 sigamos a estar entretidos, en forma e sen cabida para o aburrimiento. Nenos, mozos e adultos poderemos participar en novos proxectos ademais de seguir disfrutando cos tradicionais e arraigados no municipio. Por iso, dende o Concello recomendamos botarlle unha ollada a esta páxina e tomade boa nota dalgunhas das citas que, seguro, terás o vindeiro trimestre.

CITA COA CULTURA ▼

◆ **TEATRO E MÚSICA.** Nos meses máis fríos do inverno abundarán as representacións teatrais e espectáculos musicais nos diferentes teatros e auditorios do municipio incluídos na Rede de Teatros e Auditorios da Xunta de Galicia.

◆ **CINE.** En marzo iniciaremos o ciclo de cine de primavera que se prolongará ata primeiros do verán. Os títulos das películas daranse a coñecer a través de diferentes publicacións institucionais.

◆ **FESTIVAIS.** No mes de febreiro o Concello de Oleiros celebrará o I Festival de Cabaré, unha iniciativa pioneira en Galicia que contará coa realización de obradoiros, cursos, charlas e actuacións en directo en diferentes locais de ocio e no auditorio "Gabriel García Márquez" de Mera.

◆ **CONCERTOS.** A máis destacable pola súa inmediatez será o tradicional Concerto de Corais no Nadal. Está prevista para o 30 de decembro e daranse cita tódalas agrupacións existentes no municipio.

◆ **FESTAS INFANTÍS.** Tamén traballamos pensando nos máis cativos por iso en febreiro terá lugar unha das máis esperadas: a tradicional celebración de disfraces do Entroido. Unha das actividades máis destacadas é concurso de carteis onde os mozos con idades comprendidas entre os 12 e o 30 anos participan elaborando diferentes debuxos, dos que sairá elixido o cartel gañador que anunciará esta celebración. Tamén dende o Departamento de Cultura se traballa en estreita colaboración coas Casas do Pobo ou as Entidades parroquiais para promover as celebracións populares e tradicionais do municipio.



CITA CON SERVIZOS SOCIAIS ▼

◆ Este departamento leva moitos anos poñendo en marcha novas políticas de fomento e desenvolvemento da participación cidadán con programas alternativos para o ocio. Mostra do seu éxito son as preto de 300 persoas que participan nos **obradoiros de Servizos Sociais** dende setembro.

Esta iniciativa, levada a cabo nas diferentes Casas do Pobo, pretende rescatar do pasado os oficios artesanais máis tradicionais empregando novas técnicas de expresión artística e estimulando a creatividade dos alumnos, na súa maioría mulleres con idades que van dende os 16 ata os 81 anos. Un dos éxitos deste programa radica na variada programación e na amplitude de horario, o que posibilita o acceso a quen o desexe. As especialidades dos cursos impartidos van dende Encaixe de Bolillos, técnicas de Manualidades, Corte e Confección, Debuxo e Pintura, Tapices, Tear tradicional ata o Macramé.

CITA COA FÁBRICA ▼

◆ É un dos principais motores de dinamización cultural, deportiva e de ocio. Polas súas instalacións, situadas en Santa Cristina (Perillo), pasan a diario centos de persoas de todas as idades coa única pretensión de entreterse e aprender cousas. Escolas Deportivas, Escolas Municipais de Danza e de Música, Centro de Información Xuvenil, Programa Acuático Municipal e un amplo programa de actividades de carácter social son parte do día a día dunha Fábrica comprometida coa saúde, a cultura, a educación, o medio ambiente, o deporte, a actualidade e un longo etcétera que se traduce en milleiros de proxectos e iniciativas ó servizo dos oleirenses.

■ **ANDARES POR GALICIA** é outro dos programas que organiza o Departamento de Xuventude para que vaíamos de ruta pola nosa Comunidade. Ó longo do ano se realizan roteiros de sendeirismo para coñecer máis de preto a riqueza das nosas paisaxes no seu estado máis primitivo. Sen dúbida, unha boa maneira de facer deporte, descubrir, relaxarse e convivir. Mira as propostas para o ano que ven e anótate nas que máis che interesen. Será unha día diferente.

■ **Calendario de sendeirismo para o 2006**

- 21 Xaneiro:** Cabanas. A Coruña.
- 18 Febreiro:** Neda. A Coruña.
- 18 Marzo:** Alba-Outeiros. Pontevedra
- 27 Maio:** Muiños de Poio. Pontevedra.
- 17 Xuño:** Monfero-Caaveiro. A Coruña
- 26 Agosto:** Río Loio. Lugo.
- 23 Setembro:** Costa da Morte
- 21 Outubro:** Cañón do Sil. Ourense
- 18 Novembro:** Sendeiro de San Xurxo. PO



Saída: Rotonda de Sta Cristina. 9h.
Chegada: Rotonda de Sta Cristina 21 - 22h.

Información e inscricións: Centro de Información Xuvenil A Fábrica.

Teléfono: 981 636598.

A NOVA ESCOLA OBRADOIRO PARA MAIO

■ O Concello de Oleiros vai solicitar, diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, a concesión dun novo proxecto de Escola Obradoiro dirixido a xóvenes menores de 25 anos que se atopan en situación de desemprego. As especialidades formativas que está previsto impartir parten do sector da construción, albanelería, fontanería, carpintería e electricidade. O seu inicio está previsto para maio do ano que vén.

◆ A concesión da nova Escola Obradoiro faría posible a realización dunha esperada e ambiciosa actuación: **acomete-la ampliación do Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo"** de cara a mellora-las súas instalacións para ofrecer máis calidade e confortabilidade para a impartición de cursos de Formación Ocupacional. Na parte posterior do Centro Municipal se prevé a construción de novas naves destinadas ós obradoiros de Escaiola e Pintura. Neste último taller tamén se pretende instalar unha moderna cabina de pintura para poder realizar tarefas de vernizados e lacados de mobles. Finalmente, os traballos de mellora proxectados para o vindeiro exercicio, contemplan o acondicionamento de novas áreas administrativas de atención ó público co obxecto de mellora-la calidade do servizo así como a comodidade dos usuarios que se despracen ata o Centro de Formación en busca de información ou asesoramento en materia de inserción laboral, tanto por conta propia como allea.



■ Alumnos do Curso de Cociña no Centro de Formación Ocupacional

● O Centro de Formación "Isaac Díaz Pardo" acaba de realizar o estudo de inserción profesional correspondente ós sete cursos formativos impartidos durante o 2004 a 105 alumnos, dos que 82 remataron o seu proceso de aprendizaxe cun resultado máis que satisfactorio posto que un 60% xa se atopa traballando. Segundo a estatística realizada polos responsables do centro, os cursos con maior grao de inserción laboral son os de ebanistería (83%) e cociña (67%) seguidos de fontanería (60%) e pintura (59%).

OFICIO E GRADUADO EN 1

◆ Como calquera proxecto municipal ofrecerase a posibilidade, ós alumnos que non teñan rematada a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, de aprender un oficio ó tempo que reciben a debida formación naquelas ensinanzas tendentes a obtención do Graduado Escolar en Secundaria. Tamén recibirán outras materias relacionadas coas novas tecnoloxías, a información laboral e un módulo de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Cando o saques de paseo, lembra a normativa vixente do teu concello: ▶



■ **Artigo 6:** Os posuidores de animais estarán obrigados en todo momento a:
a) adoptar as medidas precisas para impedir que lixen as vías e espazos públicos de zonas urbanas, debendo recoller os excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vías e espazos públicos, fóra dos lugares contados para o efecto.

■ **Artigo 10:** 1. De forma expresa, e no referente a cans, queda prohibido:
a) Deixar as deposicións dos animais nas beirarrúas ou nas zonas de paso de peóns e, en xeral, en toda a vía pública. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios dos cans e colocadas de forma hixienicamente aceptable nos contenedores de recollida de lixo ou en lugares habilitados para tal fin. Non poderán empregarse a estes efectos as papeleiras públicas ou entradas de sumidoiros.

Os propietarios dos animais son responsables da eliminación destas deposicións. No caso de que se produza a infracción desta norma, a Policía Local poderá requirir ó propietario ou á persoa que conduza o can para que proceda a retirar as deposicións.

CAPÍTULO II: NORMAS PARA TRÁNSITO DE ANIMAIS.

■ **Artigo 11:** 1. Tódolos animais, cando transiten por vías públicas ou zonas verdes, teñen que ir debidamente controlados mediante cadea, correa e collar, ou outro medio máis axustado para cada especie.

2. Asemade, os animais que transiten por vías públicas ou zonas verdes deberán contar coa correspondente identificación, habilitando como válidas as identificacións levadas a cabo con métodos homologados segundo normas comunitarias.

■ **Artigo 12:** Nas vías públicas ou zonas verdes os cans irán provistos de buceiro, ademais de cumprir o disposto no artigo precedente.

UNHA FEIRA CON HISTORIA ▼



■ Postos de venda ambulante durante a feira

◆ Foi hai máis de medio século cando un grupo de comerciantes decidiu crear a primeira **comisión pro-establecementos da feira de Oleiros** coa finalidade de desenvolver a actividade económica e comercial do municipio. Dende entón, foron moitos os cambios xurdidos. Nos case sesenta anos transcorridos cambiouse o emprazamento, naceron novas tecnoloxías, mudaron os produtos de venda, quedando atrás a emblemática feira do gando. A potenciación do mercado local fixo posible a consagración da feira como elemento dinamizador do concello pasando a formar parte viva da súa historia.

Tódolos días 6 e 24 de cada mes os comerciantes especializados na venda ambulante danse cita, dende o pasado mes de setembro, na Praza da Rabadeira. 37 postos comerciais adicados a téxtil, alimentación, agricultura e xardinería, entre outros, onde conviven o pasado e o futuro da industria local. Unha área comercial que se erixe como un novo espacio de intercambio de comunicación, de conversas, de novas da vida cotiá e, por que non, de lecer.

Comprometidos co comercio

◆ No concello de Oleiros seguimos comprometidos co pequeno comercio. Boa mostra son as campañas de exaltación dos produtos autóctonos, o proxecto de elaboración dunha guía de actividades empresariais onde atopar **quen** ofrece **que** cousas e **onde** están, así como o permanente impulso do noso mercado municipal, que constitúe unha ponte entre a tradición máis arraigada e a modernidade das grandes superficies. Nel mestúranse os clásicos postos de venda, destinados á alimentación fresca, co supermercado dirixido á comercialización dos denominados produtos secos, experiencia pioneira en Galicia segundo destacou a nova Directora Xeral de Consumo na súa recente visita a Oleiros, quen destacou o seu apoio ó goberno municipal para potenciar ós empresarios locais a través da posta en marcha de novas iniciativas.

CON SABOR A MEL ▼

◆ Sen dúbida, un dos eventos que mellor conxuga o paso da historia e a exaltación dos produtos autóctonos é a Feira do Mel. A XVI edición, celebrada o pasado 6 de novembro, contou coa participación de vinte expositores chegados dende diversos puntos do panorama galego e de recoñecido prestixio na nosa comunidade. Nesta ocasión, mais de catro mil persoas acudiron a visitar, nas inmediacións do mercado municipal de Perillo, unha das mostras apícolas con maior arraigo no sector onde a calidade dos produtos e as exhibicións de artesanía constituíron o principal atractivo dunha cita obrigada para quen busca descubrir, divertirse, aprender e, por suposto, saborear un anaquiño de mel, fonte tamén de saúde.

A promoción do mel galego é unha iniciativa posta en marcha polo Concello de Oleiros para achegar ós cidadáns un dos oficios máis antigos da nosa historia dando cabida tamén á exaltación doutros produtos típicos como o pan ou o queixo, combinación perfecta para calquera paladar. As degustacións gratuítas e as vendas mesturáronse cun amplo programa de actividades lúdicas e recreativas dirixidas a tódolos públicos.



■ As degustacións gratuítas de mel celébranse ó longo de toda a xornada

CANDO MERCAS EN OLEIROS, COMPRAS CALIDADE
CANDO MERCAS EN OLEIROS, COMPRAS HISTORIA

TÓDOLOS DÍAS NO
MERCADO MUNICIPAL E OS
DÍAS 6 E 24 NA FEIRA

VIVINDO EN FORMA ▼

■ *Un ano máis o Concello de Oleiros segue a traballar para que a oferta deportiva municipal cubra a incesante demanda dos veciños fomentando a súa práctica como alternativa de ocio e canle de participación directa na programación local. A tempada de inverno ven repleta de actividades, obradoiros e xogos para que todos disfrutemos facendo exercicio físico. Para os mozos as escolas deportivas, orientadas ós escolares de secundaria, compartindo cartel cos tradicionais como o remo, balonmán ou surf. E para os maiores mantéñense, as citas nas diferentes parroquias.*

Escolas Deportivas Municipais

◆ Dende o Servicio Municipal de Deportes estase ofertando un programa de actividade físico-deportiva dirixido ao alumnado dos centros de ensino secundario (de 12 a 17 anos), conscientes da importancia que ten adquirir hábitos de vida saudables a través dunha práctica cotiá. Este apartado contempla tres disciplinas: **NATACIÓN, HABILIDADES DEPORTIVAS e ACTIVIDADES RECREATIVAS**, con xogos aplicados á educación física e o deporte, xogos populares, etc..)

Os destinatarios son os alumnos de 1º, 2º, 3º, 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato dos centros públicos de Oleiros. As actividades

lévanse a cabo nas instalacións do Instituto Nacional de Educación Física, situado en Bastiagueiro, dende onde tamén se colabora na coordinación do profesorado.

O Concello tamén pon a disposición dos participantes un servizo de transporte gratuíto para facilitar e garantir a participación de todos nas escolas deportivas.

Se che apetece formar parte deste proxecto aínda podes inscribirte nas instalacións do Centro Deportivo e Cultural de "A Fábrica" de luns a venres en horario de 8:00 h a 22:00.

Escola Acuática Municipal

- Nas piscinas do Centro Cultural de A Fábrica e na da praza da Canteira de Perillo. Para escolares de infantil e primaria.

Escola Municipal de Surf

- En NauticOleiros. Praia de Bastiagueiro, durante a temporada invernal aproveitando a bravura e oleaxe do noso mar.
- Dous cursos: **iniciación** de 20 horas de duración para os noveis e **funcionamento permanente** para os que queiran manter a práctica.
- Oferta de excursións organizadas en Kaiak de Mar.

Escola Municipal de Remo.

- Convenio entre o Órgano Autónomo da Cultura e o Club Regatas Perillo. Para rapaces 10 a 17 anos, nas instalacións náuticas da Fábrica de Perillo.
- Dous grupos: **Grupos de Nivel**, para iniciados en náutica, remo en banco fixo e olímpico e o **Grupo de Competición**, no que cada alumno, de 14 a 17 anos, realiza de 4 a 6 clases de adestramento para mellorar e adicarse á competición



Escola Municipal de balonmán.

- Gracias ó convenio asinado entre o Concello e o Club balonmán Oleiros. Dirixido a mozos de 6 a 17 anos
- Dúas categorías: *escola de base* (de 6 a 12 anos) e *escola de Especialización* (para os maiores).

Liga Escolar de Judo.

- Acaba de comezar a 3ª edición da **liga escolar de Judo en categorías sub13 e sub11**. Dirixido ós rapaces que practican judo nas casas do pobo de Perillo, Dorneda, Sta. Cruz e Mera así como o colexio da Rabadeira.
- Servicio Municipal de Deportes en colaboración co Judo Club Oleiros
- As xornadas de liga realizaranse no pavillón municipal de Canide.
- As vindeiras citas, correspondentes ó 2º e 3º encontro, celebraranse o 21 de xaneiro e 11 de febreiro, respectivamente.



Oleiros en forma

◆ No eido da actividade física para a saúde, o programa municipal de asesoramento físico ao Veciño, denominado **Oleiros en Forma**, continua coa súa programación nas distintas instalacións municipais e na piscina do INEF de Galicia.

Programa 60+

- Dirixido polo departamento de Servizos Sociais a todos aqueles maiores de 65 anos, empadroados no concello, que percuren o mantemento da súa saúde física, social e psicolóxica.
- Desenvólvense en espazos de participación comunitaria potenciando o descubrimento e a aprendizaxe.
- Comprometidos co fomento do deporte entre a poboación de máis idade, o concello ten a túa disposición unha ampla oferta que vai dende os talleres de memoria, ioga e relaxación, ximnasia e natación ata as aulas para a terceira idade. Xa somos máis de 400. Anímate a participar

**MELLORAMOS
OS NOSOS
CAMPOS DE
FUTBOL**

PLAN DIRECTOR DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS

◆ Oleiros conta con oito equipos de fútbol que suman 38 categorías polo que precisa dispor dunha dotación de infraestruturas deportivas acorde coa forte demanda que está a rexistrar. Por iso, estamos a traballar nun plan de actuación que permita ampliar a oferta de espazos reservados a esta práctica.

O Concello xa celebrou xa unha reunión cos diferentes clubs de fútbol para sentar as liñas de actuación e iniciar o proceso de xestión para a dotar de HERBA ARTIFICIAL a tres campos de fútbol distribuídos polo territorio en: ZONA NORTE, CAMPO DE SUBIÑA, ZONA CENTRO, CAMPO EUGENIO PARDO CONCHADO, "O CONDÚS" e ZONA SUR, coa ubicación aínda por definir.

Manter en bo estado e cunha renovación permanente a totalidade das infraestruturas deportivas seguirá a se unha das prioridades deste goberno municipal para que todos teñamos onde xogar, onde competir e onde disfrutar do deporte.

¿Queres ter unha escola guap@? ▼

■ *¿Gústache a túa aula?. ¿Que cambiarías?. Ó mellor a cor das paredes, o mobiliario, un mellor aproveitamento dos recursos, máis reciclaxe, menos desorde. Así poderían continuar enumerando, ata encher esta edición do xornal, os alumnos dos centros de ensino público de Oleiros. Para dar resposta ás súas inquedanzas e coñecer os seus proxectos e iniciativas nace escolaguap@, un novo programa educativo que persegue a participación escolar no proceso de decoración e acondicionamento dos que, para algúns, estanse a converter nos seus segundos fogares.*

◆ Durante este curso o alumnado de primaria e secundaria ten un novo reto: converter a súa escola na máis guapa ó tempo que aprenden a adquirir novos compromisos co seu contorno. Dende o Concello consideramos que a mellor maneira de aprender a respectar e convivir en sociedade é comezar por comprometerse cos espazos que forman parte da súa vida diaria. Por iso desenvolvemos unha ampla política educativa en colaboración cos centros de ensino públicos.

Dende o órgano municipal de cultura ponse en marcha unha actividade que percura a implicación de todos os escolares e educadores no coidado e acondicionamento dos seus centros educativos ademais de sensibilizar e estimular a aprendizaxe activa potenciando a convivencia e o intercambio de experiencias baixo unha nova política de ensino.

¿Como se fai?

- Constituindo unha Comisión Ambiental en cada centro de ensino, integrada por docentes, pais/nais, responsables do concello e, por suposto, dos alumnos.
 - Localizando as principais necesidades, a través da análise do seu medio inmediato
 - Propoñendo iniciativas para facer de cada centro un espazo máis vivo
 - Elaborando unha **Carta Verde**, decálogo de compromisos do centro co ambiente
 - Dinamizando as propostas
-
- Os proxectos deberán constar dunha descrición, obxectivos, temporalización desenvolvemento, conclusión e avaliación
 - As inscricións poderanse realizar ata primeiros do ano que vén
 - Os traballos lévanse a cabo durante os meses de febreiro a maio
 - Ó remate celebrárase unha xornada intercentros para expoñer todos os traballos e agasallar ós participantes



■ Alumnos participando na Horta Escolar de Mera

ACTIVIDADES ESCOLARES PARA TODAS AS IDADES

Educación infantil

- ▶ Hortas escolares
- ▶ Obradoiro de xogos infantís (actividade extraescolar)
- ▶ Obradoiro de Música na túa Casa.
- ▶ Laboratorio das artes.

O vindeiro mes de febreiro darán comezo os **concertos pedagóxicos da Escola Municipal de Música** para os alumnos de 3 a 12 anos dos centros públicos de Oleiros.

Dende a Concellería de Educación e Ensino tamén se reserva un **Espazo Natural** para que os mozos de 11 a 14 anos coñezan novos medios naturais únicos, cada vez menos frecuentes (Outono no Caurel e o Inverno nos Ancares).

Educación Primaria

Os alumnos de primeiro, segundo e terceiro ciclo teñen por diante un ano cheo de programas educativos orientados ó seu desenvolvemento en diferentes áreas: arte, música, natureza, etc.

- ▶ **Aprendemos na natureza**
- ▶ **Coñecer oleiros**
- ▶ **“Non é tan estraño”**

Tamén o teu alcance dende a REDE PROVINCIAL DE BIBLIOTECAS

◆ Polo compromiso do concello coa cultura e o seu fomento entre os veciños é unha constante á hora de elaborar a programación anual municipal. A comunidade escolar sempre está no punto de mira á hora de promover novas iniciativas dende calquera das nosas concellerías. A difusión da lectura e a extensión cultural non podía ser menos. Aí van algúns dos programas elaborados, dende a rede de bibliotecas municipais, para os vosos fillos.


- XIIIª EXPOSICIÓN DE DEBUXOS
- "O CONTO VIAXEIRO"
- XV CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA
- TALLER DE ILUSTRACIÓN, CÓMIC E BANDA DESEÑADA
- ENCONTROS CON ESCRITORES
- III PROGRAMA DE FORMACIÓN DE USUARIOS ,
- A HORA DO CONTO
- TALLERES DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS

A esta relación de actividades hai que engadir a constante programación de actividades puntuais, exposicións de libros ou proxeccións de películas para que os máis cativos teñan ó seu dispor unha oferta plural e de calidade.

Ti elixes
como, cando
e con quen

dubidasexo@oleiros.org

A FÁBRICA DOS SOÑOS ▼



■ *Cada cinco minutos inaugurase un novo festival de cine no mundo. En Galicia existen máis dun cento de produtoras e cincocentas entidades relacionadas co sector do audiovisual. Sen embargo, mais alá das longametraxes comerciais e dos produtos televisivos pouco existe para o público xeral.*

◆ Pero o mes de decembro e o concello de Oleiros suporá, sen dúbida un punto e aparte para cineastas, produtores, programadores, distribuidores, cinéfilos, curiosos e un longo etcétera de persoas interesadas en coñecer mais de preto a pequena pantalla do sétimo arte, as entreliñas daquelas historias, contos e traballos que sempre acaban nos caixóns das videotecas e nos arquivos institucionais.

Dende o concello de Oleiros vimos de promover unha iniciativa, coorganizada coa produtora local Mr. Misto, pioneira na nosa comunidade autónoma: A FACTORY 05. Un punto de encontro para profesionais independentes en busca de novas ideas e propostas que enriquezan o sector audiovisual. Pero tamén constituíu un escaparate único e singular para amosar as últimas tecnoloxías, para intercambiar impresións e para debater sobre o pasado, presente e futuro do panorama audiovisual.

Mercado+mostra+foro= nova factory

◆ Testemuña directa do paso de milleiros de persoas polas súas salas foi a emblemática Fábrica de Perillo. Escenario elixido para acoller a maioría dos actos celebrados do 1 ó 4 de decembro, entre os que hai que destacar o éxito masivo do **mercado** e da **mostra** audiovisual que xunto co **foro** conforman os pilares básicos que dan sentido á NOVA FACTORY.

A elevada participación dun bo número de profesionais (produtores, entidades e televisións) na feira temática realizada nas salas de danza da Fábrica garantiu a celebración dunha mostra que permitiu exhibir e visionar traballos que, de non ser aquí, nunca verían a luz. Curtametraxes, documentais ou proxectos televisivos optaron a concurso para acadar a súa posterior difusión en novos mercados. Crítica, análise e opinión encheron as paredes dunha fábrica de soños que, por catro días, abriuse ós ollos de todos os que ata alí se achegaron na procura dun espacio alternativo sen fronteiras e sen vetos. A nova televisión dixital, as curtametraxes e o documental foron algúns dos xéneros abordados nas charlas e conferencias programadas. Tal vez nos vexamos o ano que vén.



■ Presentación da Nova Factory 05 na Fábrica de Perillo



E falando do audiovisual, 1, 2, 3, SILENZO, SE PROXETA

◆ Así podía comezar o que foi, con case toda probabilidade, o espectáculo multimedia mais máxico e fermoso do ano. Sucedeu durante a celebración da Nova Factory. Por uns intres, a illa de Santa Cruz desapareceu na oscuridade da noite e unha montaxe audiovisual, levada a cabo, por primeira vez, por unha empresa galega, enchíu de cor, luz e son o ceo e a auga. Durante mais dunha hora, 60.000 vatios de son procedentes do Castillo abriron paso a unha incesante consecución de imaxes proxectadas sobre a Illa alusivas ó deporte, a cultura e a historia da nosa localidade. Nove cañóns de raios láser fixeron o resto. Ceo e mar convertéronse, por unha noite, nunha inmensa pantalla que soubo trasladar ó espectador un horizonte de cores empapado de arte e raíces. O espectáculo víuse enriquecido coas representacións animadas de varios actores colocados en puntos estratéxicos do paseo, na praia e no mar. Unha xoia audiovisual aínda gravada nas retinas dos que a puidemos disfrutar.

ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

A MELLOR MANEIRA DE ENTRETERSE, DE RELACIONARSE, DE COMPETIR,

DE GAÑAR.....EN SAÚDE

PARA TI, PARA EL, PARA TODOS...chama e pregunta no **981/636 598**

RADIOLEIROS: 20 ANOS INFORMANDO ▼

A emisora municipal consolídase como uns dos principais medios de comunicación institucional ó servizo dos veciños.

■ *Corría o ano 1980. O 25 de xullo Galicia celebraba o día da patria galega, o día da nosa identidade como pobo. No Concello de Oleiros outra celebración estaba a piques de comezar. Cando deron as doce da madrugada "Radio As Mariñas" traspasou os muros da casa consistorial para chegar a tódolos fogares a través das ondas. Así comezou a súa curta, pero polémica andadura a primeira emisora municipal feita integramente en galego. O popular xornalista e escritor, Manolo Rivas, foi o encargado de pór en marcha un proxecto que só duraría setenta minutos en antena por considerarse ilegal.*

◆ Afortunadamente, no ano 86 tódolos veciños de Oleiros volven a ter unha cita no 101.5 de FM. Dende Radio Oleiros dáse cumprida información sobre o acontecer da vida diaria e daqueles asuntos que afectan directamente á cidadanía. Atrás quedaron os atrancos, os incesantes cambios, a censura e as medias verdades. Logo de 20 anos de emisión ininterrompidos, a radio municipal segue a traballar para que tódolos oleirenses reciban información diaria, plural e veraz sobre a actualidade do municipio e da comarca cumprindo co obxectivo de informar, entreter e ensinar.

AVANCES INFORMATIVOS

● A pluralidade informativa e a implicación activa dos veciños son os dous motores que impulsan o día a día da radio. Os avances dan conta das novas de interese que xeran as diferentes áreas ou os concellos limítrofes.

ACTUALIDADE

- Tódolos xoves "**Fío Aberto**" permite coñecer a realidade municipal da man do noso alcalde coa posibilidade de conversar con el para transmitirle calquera cuestión que nos preocupe.
- "**Son de palabras**", espacio adicado a entrevistas a profesionais e persoeiros destacados da vida pública do concello para coñecer novos puntos de vista sobre temas actuais. Tamén se recollen conversas puntuais cos protagonistas da actualidade. A cita, tódolos martes, mércores e venres.

PROGRAMAS ESPECIALIZADOS

● Os programas temáticos van dirixidos a atender a demanda e inquedanzas dos oíntes. Os temas xiran arredor daqueles temas que mais preocupen ou interesan ó cidadán. A cultura, o deporte, ocio e lecer, a saúde ou o medio ambiente son algúns dos espacios que poderá atopar no 101.5 de FM. Se votas en falta información detallada sobre algún asunto, non dubides en face-la túa suxerencia. Este apartado tamén contempla a participación activa dos veciños porque ademais de ser un medio de información público ó servizo de todos é unha canle de comunicación aberta á participación dos cidadáns.

MÚSICA

● Como reflexo da demanda cidadán, a emisora municipal ofrece numerosos programas temáticos de música. *Arecnamés*, adicado á década dos 60 e 70, *Feira Musik* especializado en temas alternativos ou *Higher Club* para amantes do estilo electrónico son algúns dos espacios que enchen de melodías a radio sen esquecer o xa coñecido *Música sen complexos* onde se mesturan temas de jazz, country, boleros, pop e un longo etcétera agrupados por bloques temáticos ó longo do día.




LIÑA DIRECTA CON OLEIROS

■ en **www.oleiros.es**
por áxil e rápido
para coñecer cada día as novas,
actualidade, consultas....con un só clic



■ en **RADIOLEIROS**

101.5 FM para aprender, para
falar, para escoitar, para entreter,
para acompañar, para ti



■ en **LOCALIA TV**
por cómoda e atractiva
os luns, ás 20:45, para profundizar,
para descubrir, para ver e saber



Para VIVIR EN OLEIROS

PAZO DE ARENAZA O Refuxio dos nosos maiores



◆ O Pazo de Arenaza de Iñás volverá a abrir as súas portas. Dende o goberno municipal estamos a traballar para que así sexa. Traballamos para que os nosos maiores dispoñan dun espazo propio reservado para o seu descanso e coidados onde confortabilidade e benestar formen parte da súa vida diaria convertendo no seu fogar un dos maiores **palacios** de Oleiros.

Por iso, o Concello procederá de inmediato á contratación de diversas melloras de acondicionamento e restauración do que na metade do século XIX foi propiedade de terratenentes e símbolo da opulencia e grandeza señorial. O centro, con capacidade para corenta persoas, prestará un servizo de atención diúrna continuada

que se verá incrementado cunha nova área destinada a residencia permanente dotada con cinco habitacións dobres.

Con esta iniciativa preténdese atender as necesidades daquelas persoas maiores que se atopan soas, por carencia de familiares ou situación de abandono, e nunha precaria situación económica. O consistorio oleirense encargárase de contratar e xestionar esta nova residencia a través do financiamento público municipal e da tramitación de subvencións ante os diferentes organismos institucionais para que os inquilinos máis desfavorecidos poidan disfrutar dunha estancia cómoda e apracible sen preocupacións.

Por outra banda, o pazo disporá de todos

os recursos técnicos e humanos necesarios ó noso alcance para garantir un funcionamento acorde cos tempos actuais, pasando a formar parte activa da nosa comunidade a través da utilización dos diferentes canles de participación, sempre ó servizo de todos os veciños. Tratamentos específicos para a mellora do seu estado físico e psíquico e un amplo e variado programa de actividades que potencie as súas capacidades serán os principais obxectivos do equipo de profesionais destinados ó seu coidado e atención. Pero será a atención personalizada, as conversas, as relacións humanas e o ambiente de familiaridade as claves para converter Arenaza nun refuxio para os nosos maiores.

Papeis e cartón, **ó caixón azul**

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, **ó contenedor de tapa verde**

Inertes, **ó contenedor de tapa laranxa.**

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores.

Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respete os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Un servizo municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Telf. 981 783 455